

Mulleres cuidadoras en países en vías de desenvolvemento: implicación do estudantado na educación para o desenvolvemento, sensibilización e visibilización na Facultade de Fisioterapia

Robles-García, Verónica; Carballo-Costa, Lidia; Senín Camargo Francisco José;
González Doniz, Luz

Departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas, Universidade da Coruña.

RESUMO

A promoción activa da responsabilidade social universitaria ten un papel prioritario para conseguir un modelo máis sustentable e humano. As actividades propostas polo persoal docente e investigador deben ter un impacto directo e positivo no alumnado, que ademais forme parte da súa formación integral. Neste proxecto propónse implicar ao alumnado do Grao de Fisioterapia nun proxecto de Educación para o Desenvolvemento (EpD) que trata sobre as mulleres cuidadoras en países en vías de desenvolvemento. O obxectivo é facer ao estudantado participe dunha situación social real de inxustiza e desigualdade e invitalo a reflexionar sobre a interdependencia entre as dimensións económicas, sociais e de saúde para finalmente advertir o seu rol como futuros profesionais en Fisioterapia en tarefas de prevención e promoción da saúde nos diferentes contextos culturais e socioeconómicos. O presente proxecto é a primeira proposta da Facultade de Fisioterapia dun proxecto de EpD no que o alumnado é actor chave. Deste proxecto xorde a reflexión sobre a misión de fomentar a participación social e o desenvolvemento humano do alumnado, supoñendo tamén o inicio doutras actividades relacionadas. O alumnado refire a aprendizaxe da importancia da prevención na saúde en diferentes contextos e o seu papel neste proceso como futuros profesionais.

PALABRAS CLAVE: cuidados, mulleres, fisioterapia, desenvolvemento, responsabilidade social

CITA RECOMENDADA:

Robles-García, V.; Carballo-Costa, L.; Senín Camargo, F.J.; González Doniz, L. (2019): Mulleres cuidadoras en países en vías de desenvolvemento: implicación do estudiantado na educación para o desenvolvemento, sensibilización e visibilización na Facultade de Fisioterapia. En De la Torre Fernández, E. (ed.) (2019). *Contextos universitarios transformadores: construíndo espazos de aprendizaxe. III Xornadas de Innovación Docente*. Cufie. Universidade da Coruña. A Coruña (pág. 401-414).

DOI capítulo: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497121.401>

DOI libro: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497121>

ABSTRACT

The active promotion of university social responsibility has a priority role in achieving a more sustainable and human model. The activities proposed must have a direct and positive impact on students, being part part of their integral training. This project is intended to involve Physical Therapy students in activities related to an education project for development (EpD) about women caregivers in developing countries. The objective is to make them part of a real social situation of injustice and inequality and invite them to reflect on the interdependence between the economic, social and health dimensions. Then, we want them to realize their role as future professionals in Physical Therapy in prevention and health promotion and how strategies may change depending on different cultural and socio-economic contexts. The present project is the first proposal of the Faculty of Physiotherapy for an EpD project in which the students are main actors. This project reflects on the mission of promoting social participation and human development among students. Also, it promoted the beginning of other activities related to social responsibility, training and research.

KEY WORDS: care, women, physical therapy, development, social responsibility

1. INTRODUCCIÓN

“A responsabilidade social universitaria implica ofertar servizos educativos e transferencia de coñecemento seguindo os principios básicos de ética, bo goberno, respecto ao medioambiente, compromiso social e promoción de valores cidadáns, responsabilizándose así das consecuencias e impactos que derivan das súas accións”. (Cuesta González, de la Cruz Ayuso, & Rodríguez Fernández, 2010)

O profesorado da universidade debe promover accións de responsabilidade social universitaria. A formación que oferta a universidade non só implica a transmisión de contidos se non tamén de actitudes e valores. Soamente desta maneira a universidade axudará a identificar as necesidades da sociedade e dará solución aos seus problemas (Cuesta González, de la Cruz Ayuso, & Rodríguez Fernández, 2010).

A sociedade actual recoñece a desigualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Dentro desta gran problemática, os expertos afirman o rol histórico da estrutura dos coidados. Xeralmente, os coidados de persoas dependentes (tanto formais como informais) recaen nas mulleres, sen importar a idade da persoa coidada ou o nivel de dependencia. Ademais, a responsabilidade da muller na atención do fogar dificulta a posibilidade de inserirse no mundo laboral. Esta situación agrávase en situacións de exclusión social, como as que sofren as mulleres pobres en países en vías de desenvolvemento, rurais, indíxenas e con baixo nivel educativo.

Nos países en vías de desenvolvemento as tarefas de coidados maioritariamente recaen nas mulleres. Estes coidados realízanse de xeito non remunerado e sen axuda económica. A isto engádese que as mulleres tampouco reciben formación específica para realizar os coidados correctamente, descoidando así a súa saúde tanto física como psicolóxica. Os coidados son máis arduos cando a persoa a coidar ten un alto grao de dependencia ou este perdura ao longo da vida, no caso, por exemplo, do coidado de nenos ou nenas con discapacidade. Unha estimación é que 150 millóns de nenos e nenas sofren algún tipo de discapacidade, e a maioría deles viven nas partes máis pobres do mundo (Maulik & Darmstadt, 2007). As

mulleres cuidadoras a cargo de nenos con discapacidade sofren sobrecarga física durante longos períodos da súa vida. Esta problemática acentúase pola falta de información das familias das necesidades dos nenos e nenas con discapacidade e a escaseza de profesionais especializados neste ámbito.



Figura 1. As mulleres cuidadoras de nenos con diversidade funcional soportan cargas excesivas durante longos períodos de tempo. Fotografía de Miguel Álvarez

As organizacións que loitan polo exercicio dos dereitos humanos fanse eco desta problemática e recoñecen que é necesario aumentar a conciencia social desta situación e promover accións que sirvan para impulsar o traballo que se está a realizar neste campo.

Dende a Fisioterapia é posible promover accións que faciliten os cuidados de terceiras persoas (por exemplo, como facer unha transferencia ou cambio de posición dunha persoa con mobilidade reducida ou como colocar a un neno con discapacidade nas diferentes idades ou niveis de afectación). A Fisioterapia tamén ten, e de forma moi relevante, un rol principal en ensinar ou capacitar aos propios cuidadores das boas posturas ou do manexo de cargas pesadas para previr lesións (por exemplo, alteracións músculo-esqueléticas, hernias, cervicalxias, etc.).



Figura 2. As mulleres cuidadoras de familiares soportan cargas excesivas en posicións non adecuadas. Dende a Fisioterapia é posible asesoralas para ter unha mellor hixiene postural e previr lesións.
Fotografía de Miguel Álvarez

O obxectivo xeral desta proposta foi sensibilizar á comunidade universitaria e á poboación en xeral da situación das mulleres cuidadoras nos países en vías de desenvolvemento, particularmente daquelas a cargo de persoas moi dependentes ou nenos con discapacidade. Os obxectivos específicos foron: visibilizar non só as dificultades se non as fortalezas das mulleres cuidadoras en países en vías de desenvolvemento, dar a coñecer os proxectos relacionados coas mulleres cuidadoras e que capacitan ás mulleres e como se manexan os cuidados das persoas ao seu cargo nos países en desenvolvemento. E por último, dar a coñecer ao alumnado esta realidade e fomentar a reflexión sobre o rol da súa profesión neste ámbito, achegándoos á realidade das mulleres cuidadoras en xeral, das mulleres cuidadoras de nenos con ou sen discapacidade e á influencia do entorno nos cuidados.

2. DESCRICIÓN DA EXPERIENCIA

A orixe deste proxecto xurde dunha necesidade detectada polo propio alumnado do Grao en Fisioterapia: o paciente non é a única persoa que debemos tratar na nosa intervención terapéutica, se non tamén ás persoas que cuidan ao paciente na casa. O alumnado percatouse desta realidade a partir dun proxecto de Aprendizaxe e Servizo que dende a Facultade de Fisioterapia levamos a cabo nun colexio de educación especial dende o ano 2015. O contacto

cos pais dos nenos e nenas con discapacidade nese proxecto fixémos pensar na dificultade do día a día destas familias. Deste xeito, o profesorado pensou que sería bo que coñeceran outros contextos e outras realidades das persoas coidadoras que viven en situación de vulnerabilidade e con menos recursos. Así naceu esta proposta que se levou a cabo no ano 2016.

Implicación do alumnado

O alumnado voluntario implicouse dende o principio da proposta ata o final da mesma, colaborando en todas as fases, actividades e reflexións conxuntas, entre as que destacan a busca bibliográfica, o contacto coas ONGs, a organización das reunións, o deseño de actividades, a redacción dos contidos, a organización loxística, a preparación de materiais, etc.

Implicación das entidades colaboradoras

As entidades colaboradoras foron a Oficina de Cooperación e Voluntariado, a ONG SOLIDA, o Instituto de Liderazgo de Las Segovias e as Facultades de Fisioterapia, Ciencias da Saúde e Ciencias da Educación, estas últimas a través da cesión de espazos e equipamentos.

A Oficina de Cooperación e Voluntariado é o servizo universitario que xestiona e coordina os recursos solidarios da UDC, e anualmente abre unha convocatoria de financiamento para facilitar que a comunidade universitaria poida levar a cabo proxectos de educación para o desenvolvemento, sensibilización e participación social (EpD). Este proxecto levouse a cabo a través desta convocatoria. Ademais, contouse coa colaboración da ONG galega SOLIDAⁱ e o Instituto de Liderazgo de Las Segoviasⁱⁱ (ILLS). Estas dúas entidades colaboradoras axudaron ao estudantado a achegarse ás diferentes realidades do colectivo de mulleres coidadoras e tamén prestaron apoio loxístico e formativo nas actividades que se levaron a cabo.

De forma xenérica, traballouse coa perspectiva común coa que se está a vivir nos países en vías de desenvolvemento. Porén, as accións ou exemplos máis específicos realizáronse en colaboración co ILLS e dende a perspectiva da problemática no departamento de Nueva Segovia, Nicaragua. O departamento de Nueva Segovia, fronteirizo con Honduras, conta cunha

poboación de 148492 habitantes da que o 50,7% son mulleres. A maioría das mulleres dos municipios viven nun entorno rural, posúen un nivel académico de educación primaria, e actúan como xefas de familias cun núcleo familiar promedio de 5 membros. Ademais, estas mulleres están adicadas a actividades de subsistencia, sendo o ingreso promedio de 2 dólares diarios. A maioría destas mulleres son cuidadoras de fillos e/ou maiores.

As actividades levadas a cabo foron tres: un ciclo de conferencias, unha exposición fotográfica e un taller.

Ciclo de conferencias titulado “Mulleres cuidadoras en países en vías de desenvolvemento. Experiencias en Nicaragua”. Este ciclo tivo unha duración de media xornada e baseouse na participación de persoas expertas na materia da economía dos cuidados e do rol da muller en países en vías de desenvolvemento. A primeira relatora foi a doutora Antía Pérez Caramés, profesora da Facultade de Socioloxía, que falou dos cuidados no Sur Global tendo en conta os aspectos da migración das mulleres. Deseguido, Ana María Fernández, de SOLIDA, describiu a situación das mulleres cuidadoras nos diferentes países nos que a súa ONG traballa. Despois, dúas alumnas falan en primeira persoa da experiencia vivida neste ámbito nos proxectos que levaron a cabo en países en vías de desenvolvemento (Nely López Filomena e Araceli Macías García).



Figura 3. As alumnas Nely López Filomena e Araceli Macías García participando no ciclo de conferencias

Por último, a directora do Instituto de Liderazgo de Las Segovias, Haydeé Castillo conectouse vía Skype e explicou as diferentes accións que desenvolven no departamento de Nueva Segovia (Nicaragua) para a educación para o empoderamento das mulleres.

Exposición fotográfica titulada “Nicaragua: retos e fortalezas”. Durante dous meses expúxose o traballo do fotógrafo nicaraguano Miguel Álvarez, quen percorreu as vilas de Nueva Segovia para plasmar a realidade de mulleres cuidadoras. Unha das estudantes voluntarias neste proxecto acompañou ao fotógrafo e puido falar coas persoas fotografadas e coñecer cada unha das súas realidades.



Figura 4. Resumo da exposición fotográfica

Neste sentido, cada unha das fotografías conta cun relato das vivencias das persoas que as protagonizan. Estes relatos escribíronos as estudantes en colaboración cos profesionais do ILLS, co obxectivo de visibilizar as fortalezas das mulleres cuidadoras e as dificultades que pasan no día a día. No enfoque das alumnas tamén se tivo en conta o contexto no que se dá a discapacidade en canto á accesibilidade aos recursos, coa fin de sensibilizar aos seus compañeiros da importancia de coñecer o contexto e saber abordalo para deseñar unha intervención terapéutica exitosa.



Figura 5. Relatos da visibilización da realidade

Esta exposición puido visitarse en diferentes Facultades da Universidade da Coruña; primeiro na Facultade de Fisioterapia e posteriormente na de Ciencias da Saúde e na de Ciencias da Educación. Despois estivo nas sedes de diferentes ONG, en Xermade e Barcelona. Finalmente, a exposición permanente está custodiada en Ocotal polo ILLS.



Figura 6. Exposición fotográfica nas diferentes Facultades da UDC

A exposición fotográfica acompañouse cun libro de sinaturas no que se solicitaba que os espectadores expresaran as súas reflexións e opinións sobre a problemática, e propuxeran posibles solucións.

Taller titulado “Mulleres cuidadoras: manexo do bebé nas diferentes culturas”. Este taller tivo a finalidade de achegar os contidos das materias que se imparten no Grao de Fisioterapia á realidade das mulleres cuidadoras de nenos e nenas con discapacidade. Primeiro, a profesora da Facultade de Fisioterapia, Mónica Menéndez presentou as bases do desenvolvemento motor dos nenos e nenas con desenvolvemento típico na nosa sociedade. Despois a alumna Nely López Filomena explicou a súa experiencia con nenos con discapacidade en Nicaragua, profundando sobre a problemática das nais en canto ao manexo dos cuidados. Posteriormente, proxectouse o documental “Bébés” no que se aborda como se cuida dun bebé no primeiro ano de vida en culturas diferentes como as de Namibia, Mongolia, Xapón e EEUU, onde os porteos, a vestimenta e os estímulos son moi diferentes. Ao rematar, pediuse ao alumnado que identificara as diferenzas no manexo do bebé en canto a motricidade e como impactaban os diferentes costumes no desenvolvemento normal do neno. Finalmente, propiciouse un debate no que se chegou a diferentes conclusións relacionadas co papel das nais como pilar fundamental neste desenvolvemento. Tamén se falou dos aspectos máis beneficiosos e prexudiciais de cada unha das culturas con respecto ao desenvolvemento motor, e como poderían realizarse as abordaxes no caso de nenos con patoloxía e sen desenvolvemento típico, facendo referencia á abordaxe fisioterapéutica (tanto do neno como da nai).

3. RESULTADOS

Resultados de aprendizaxe

O resultado directo desta proposta no alumnado foi a toma de conciencia do seu rol na intervención fisioterápica do cuidado dos cuidadores. Deste xeito, comezaron a propoñer ideas para aplicar nos diferentes programas de Aprendizaxe e Servizo onde estaban involucrados. Por outra banda, tamén tomaron conciencia de que o contexto cultural, social e económico é relevante á hora de realizar o seu traballo.

O proxecto cumpriu as expectativas de responsabilidade social universitaria: aportar aos contidos curriculares valores e actitudes que contribúan a resolver problemáticas reais da sociedade.

Resultados de participación

Vinte estudantes do Grao en Fisioterapia participaron no ciclo de conferencias, xunto con outros membros da comunidade universitaria e público xeral. A exposición fotográfica presentouse en diferentes facultades e sedes de ONGs e 30 alumnos participaron no taller.

A participación foi motivada polo interese da temática e pola acreditación das diferentes actividades polas entidades organizadoras (Facultade de Fisioterapia e Oficina de Cooperación e Voluntariado).

Resultados de difusión

A partir desta actividade o alumnado da Facultade de Fisioterapia solicitou información sobre o traballo de Fisioterapia en países en vías de desenvolvemento. As profesoras Alicia Rodríguez García e Verónica Robles García organizaron a I Xornada de Cooperación en Fisioterapia nas que se deu a coñecer o labor de diferentes organizacións neste ámbito.

A partir destas actividades quedou patente o aumento do interese do alumnado no ámbito do voluntariado, concretándose en que no verán de 2018 tres estudantes do Grao en Fisioterapia participaron en proxectos de Coñecemento da Realidade da OCV.

Resultados de impacto

Unha das alumnas voluntarias viaxou a Nicaragua motivada pola contextualización deste proxecto e levou a cabo alí o seu Traballo de Fin de Grao no que mostra os resultados dun programa de capacitación para o manexo adecuado das cargas e das posturas, dirixido a mulleres coidadoras. Neste proxecto ensinou de forma conceptual e práctica estratexias de fisioterapia para previr lesións durante o manexo de cargas, e especificamente, dun neno ou nena con discapacidade, chegando a conclusións como a seguinte:

“[...] Esta proposta educativa permitiu capacitar a persoas coidadoras sobre autocoidado e manexo de nenos con diversidade funcional, así

como acadar as competencias do grao, coñecer a realidade dun país empobrecido, desenvolver e adquirir habilidades e competencias persoais e sociais. [...]”



Figura 7. Momento da capacitación ás mulleres cuidadoras impartida pola alumna da Facultade de Fisioterapia da UDC, Nely Lóez Filomena



Figura 8. Momento da práctica da capacitación das mulleres cuidadoras en Nueva Segovia, Nicaragua impartida pola alumna Nely López Filomena

Por outra banda, este proxecto puxo de manifesto a necesidade de realizar investigación neste ámbito. Grazas á rede creada de entidades e persoas participantes, esta proposta supuxo o

inicio dunha colaboración e o nacemento dunha liña de investigación en materia de cooperación financiada pola Xunta de Galicia: DISEMINAR (*Diversidade infantil, emigración maternal: artellando redes*). Neste proxecto traballan investigadoras de diferentes facultades da UDC estudando a problemática existente no ámbito da diversidade funcional infantil e o rol que teñen as familias e as mulleres no seu coidado.

4. CONCLUSIÓNS

O alumnado aprendeu que é necesario adaptar o seu traballo de fisioterapia aos diferentes contextos culturais, xeográficos e de desenvolvemento. O profesorado constatou que a implicación do alumnado é necesaria para mellorar as actividades formativas, xa que promove a motivación do alumnado voluntario e facilita a comprensión da temática por parte dos compañeiros, así como a busca de información de interese de forma máis proactiva.

Dificultades e limitacións

Este traballo presentou dificultades loxísticas xa que se pretendeu visibilizar unha realidade diferente e noutro país. A colaboración intercontinental viuse deteriorada polos diferentes horarios e costumes. Por outra banda, esta colaboración resulta imprescindible nun mundo globalizado no que as accións poden ter repercusión a nivel internacional, podendo colaborar cos países en situacións desfavorecidas.

Este proxecto ten unha serie de limitacións nalgunhas das accións, que deberían reavaliarse na aplicación futura desta proposta. Principalmente podemos destacar que resulta imprescindible rexistrar os resultados de aprendizaxe de forma cuantitativa e tamén introducir o uso de ferramentas a través das cales o alumnado poida reflexionar e expresar o seu nivel de satisfacción coas actividades realizadas.

5. REFERENCIAS

Cuesta González, M., de la Cruz Ayuso, C., & Rodríguez Fernández, J. M. (2010). Responsabilidad social universitaria. (U. da C. Consello Social, Ed.). Netbiblo.

Vicente Herrero MT, Aguilar Jiménez E, Capdevila García LM, López González AA, Ramirez Iñiguez de la Torre MV, Jesús TGM. Lumbalgias : prevención, valoración del daño laboral y rehabilitación. Bilbao: Lettera Publicaciones; 2011. 157-87 p.

Maulik, P. K., & Darmstadt, G. L. (2007). Childhood Disability in Low- and Middle-Income Countries: Overview of Screening, Prevention, Services, Legislation, and Epidemiology. *Pediatrics*, 120. <https://doi.org/10.1542/peds.2007-0043B>

ⁱ SOLIDA é unha organización da sociedade civil con sede en Galicia, comprometida coas excluídas e excluídos, que a partir dos dereitos humanos, buscao exercicio da liberdade responsable das persoas e colectivos.

ⁱⁱ O ILLS (Instituto de Liderazgo del Segovias) é unha organización da sociedade civil con sede en Ocotlán (Nicaragua), que mediante a formación de liderazgos individuais e colectivos promove o exercicio dos dereitos dos cidadáns traballando dende a formación, a transformación, a desmitificación da pobreza e promovendo políticas que favorezan a construción dunha sociedade máis humana e sustentable política, ambiental e economicamente.